



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	Nivel: CELGA 1 LECTURA FÁCIL

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / ___ / _____
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Lugar de nacemento: <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
Lugar de residencia: <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
Tipo de estudos cursados: <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para usos estatísticos.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións antes de responder.
- Usa un bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che pregunten.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega este caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2023110101

Celga



Certificado
Lingua
Galega

1



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C1-A-I-23-LF



Proba A1

A túa irmá pídeche axuda porque non pode ir ao aeroporto recoller unha amiga.

A túa irmá déixache unha mensaxe no contestador do teu móbil.

Logo de escoitala, decides poñerte en contacto con esa amiga e escríbeslle un **correo electrónico**.

No **texto**, de **110 a 150 palabras**, debes:

- Saudar a amiga da túa prima e presentarte.
- Indicarlle por que lle escribes e mostrar interese en coñecela.
- Explicarlle como es ti e como irás vestida para que te poida recoñecer no aeroporto.
- Propoñerlle algunha actividade para facer por Santiago e despedirte.



NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

De:

Para:

Asunto:

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Un amigo teu xanta case sempre fóra da casa por razóns de traballo e está preocupado pola súa saúde.

Despois de ler no xornal uns consellos para comer ben, decides escribirlle ao teu amigo unha **mensaxe electrónica**.

No **texto**, de **110 a 150 palabras**, debes:

- Saudar o teu amigo e comentarlle por que lle escribes.
- Dicirlle que pratos pode pedir no restaurante e cales ten que evitar.
- Darlle outros consellos para comer ben fóra da casa.
- Recomendarlle algún restaurante e despedirte.

Fóra da casa tamén se pode comer ben



Moitas persoas xantan todos os días fóra da casa por motivos de traballo.

Pero é preciso comer de maneira saudable e equilibrada, e iso tamén é posible cando se come en restaurantes.

Só tes que seguir estas recomendacións:

Comer algo a media mañá

O mellor é almorzar ben e tomar algo a media mañá para non chegar ao restaurante con moita fame. Unha boa opción é unha peza de froita.

Buscar menús do día saudables

Os alimentos máis adecuados son verduras, arroz e legumes, e tamén sopas e ensaladas. Convén tomar máis peixe e menos carne.

Pedir sempre auga para beber

Os refrescos e o alcohol conteñen demasiado azucre e suman calorías. A auga é máis sa e non engorda.

Non tomar alimentos fritos ou rebozados

Debemos evitar os alimentos con moita graxa, a comida rebozada e as frituras. É mellor pedir pratos ao forno, á prancha ou cocidos.

Escoller verduras para acompañar



Co peixe ou coa carne pódense pedir ensaladas, verduras salteadas, chícharos... As patacas tamén se poden comer, pero en puré ou ao forno serán moito máis sas.

Non é imprescindible rematar o prato

Na maioría dos restaurantes podes levar para a casa o que che sobrou. Ademais, nalgúns bares tamén se pode pedir media ración dos pratos para non comer de máis.

Pedir unha peza de froita de sobremesa



Procura evitar sobremesas doces ou moi elaboradas como as cremas, o flan con nata ou a torta. A froita fresca e os iogures teñen menos calorías e son máis fáciles de dixerir.

De vez en cando podes facer unha excepción, pero se comes en restaurantes a diario, con estes consellos conseguirás alimentarte mellor.

Facer exercicio e durmir oito horas diarias tamén será positivo para a túa saúde.

Texto traducido e adaptado da revista *Eroski Consumer*

NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

De:

Para:

Asunto:

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

